

Luns, 29 de abril de 2024

Núm. 83

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MEIS

Persoal, oposicións

CONVOCATORIA PARA FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA SUBSTITUCIÓN DO POSTO ENCARGADO/A DA BIBLIOTECA

ANUNCIO

CONVOCATORIA PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA A SUBSTITUCIÓN DO POSTO DE ENCARGADO/A DA BIBLIOTECA DO CONCELLO DE MEIS EN SUPOSTOS DE AUSENCIA, INCAPACIDADE E SITUACIÓNS ANÁLOGAS DA TITULAR

Na Resolución de Alcaldía 2024-0202, do 18/04/2024, aprobáronse as bases reguladoras do procedemento de selección para confeccionar unha listaxe que se utilizará para substitucións en supostos de ausencia, incapacidade e situacións análogas do titular do posto de encargado/a da biblioteca municipal, creándose unha bolsa de emprego da que formarán parte aqueles/as aspirantes que fosen seleccionados/as, con fin de cubrir ditas necesidades en casos excepcionais e de carácter urxente e inaprazable necesidade.

O prazo de presentación de instancias para participar no proceso selectivo será de dez (10) días hábiles a contar dende o día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

As bases íntegras publicaranse no Taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello (<https://meis.sedelectronica.gal>).

Os sucesivos anuncios referentes a esta convocatoria, cando cumpra de conformidade coas bases, faranse públicos na forma prevista nas propias bases da convocatoria.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pode interpor, alternativamente, ou recurso de reposición potestativo ante o órgano que ditou a resolución, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte á publicación no Boletín da Convocatoria, de conformidade cos artigos 123 e 124 Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou ben interpor directamente recurso Contencioso-Administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra (artigo 8 Lei 29/1988, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa), no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei da xurisdición Contencioso-Administrativa. Si optácese por interpor o recurso de reposición potestativo, non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se producira a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que



Luns, 29 de abril de 2024

Núm. 83

poida interpor vostede calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

O que se fai público para xeral coñecemento.

Meis, na data da sinatura electrónica. A Alcaldesa – Asdo. Marta Giráldez Barral.

